



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Rede de conservatorios de música e danza de galicia

Procedemento PR84MAN

Mantemento de equipos e instalacións

Versión	Modificación	Data
01	Recodificación	01/09/2017

ELABORADO:		REVISADO:		APROBADO:	
Asesoría da calidade do Servizo Xestión da FP		Responsable de Calidade dos CIFP de Galicia		Dirección dos CIFP de Galicia	
María Teresa Bárbara Criado		Álvaro Ariño Roure		Juan Durán Alonso	
Data	24/11/2014	Data	27/11/2014	Data	27/11/2014



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Conservatorio Profesional de Música de Vigo



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro

Fotógrafo Felipe Prósperi s/n
36209 Vigo
Tfno: 986213395 Fax: 986206131
cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
<http://cmusvigo.gal>

Índice

1	Obxecto.....	3
2	Ámbito de aplicación.....	3
3	Misións e responsabilidades.....	3
4	Desenvolvemento do proceso.....	3
	4.1 Xeneralidades.....	3
	4.2 Mantemento preventivo e correctivo.....	4
	4.3 Táboa resumo do desenvolvemento do proceso.....	4
5	Información documentada.....	4



1 Obxecto

Definir o procedemento para o mantemento das instalacións e equipos dos conservatorios.

2 Ámbito de aplicación

Instalacións, equipos e instrumentos que afecten á calidade dos servizos prestados polo conservatorio.

3 Misións e responsabilidades

- Secretaría
 - ! Definir e aprobar o plan de mantemento
 - ! Coordinar as actividades de mantemento
 - ! Manter o arquivo dos rexistros de mantemento.
 - ! Elaborar o inventario de instrumentos e equipamento
- Responsable/s de mantemento (RM)
 - ! Facer efectivo o mantemento do elemento concreto ao seu cargo.
 - ! Entregar os rexistros xerados en secretaría.
- Xefatura de departamento
 - ! Colaborar na elaboración do inventario de instrumentos e equipamento

4 Desenvolvemento do proceso

4.1 Xeneralidades

O mantemento realizarase con medios propios e/ou mediante contratación. Contrataranse os medios especializados que se considere conveniente e aqueles que fosen necesarios para reforzar os propios.

Os servizos de apoio sometidos a mantemento preventivo son:

- subministración eléctrica
- telecomunicacións
- equipos informáticos
- seguridade
- calefacción
- limpeza
- reprografía.
- Instrumentos
- Outros específicos de cada conservatorio



4.2 Mantemento preventivo e correctivo

Cada conservatorio disporá dun *Plan de mantemento preventivo* MD84MAN01 onde se listan as instalacións, equipos e servizos de apoio sometidos ao procedemento cos responsables específicos asignados no seu mantemento e as frecuencias de control, ademais dos aspectos a vixiar. Este Plan formará parte do *Plan de Autoprotección*.

Para os elementos que se considere necesario, elaborárase unha listaxe de *Repostos mínimos* MD84MAN02 para asegurar a súa dispoñibilidade.

Independentemente do mantemento preventivo, calquera persoa que detecte unha avaría deberá comunicala ao secretario/a mediante un *Parte de Avaría*, rexistrando como mínimo: data, solicitante, descrición da avaría e ubicación da mesma.

O seguimento das accións de mantemento preventivo realízase sobre o propio *Plan de mantemento preventivo* MD84MAN01, mentres que as de mantemento correctivo realízase no propio *Parte de Avaría* ou nun rexistro específico para tal fin.

4.3 Táboa resumo do desenvolvemento do proceso

ACTIVIDADE	RESPONSABLES	RECURSOS	CALENDARIO	REGISTRO
Mantemento preventivo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ RM 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Medios propios do conservatorio ▪ Medios contratados 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Segundo Plan 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Plan de mantemento preventivo</i> MD84MAN01 ▪ <i>Repostos mínimos</i> MD84MAN02 ▪ Contratos ▪ Partes de traballo de empresas externas e facturas
Mantemento correctivo	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todo o persoal ▪ RM 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Medios propios do conservatorio ▪ Medios contratados 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cando se detecte a avaría 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Parte de Avaría</i> ▪ Partes de traballo de empresas externas e facturas

5 Información documentada

- PR84MAN *Mantemento de equipos e instalacións*
 - *Plan de mantemento preventivo* MD84MAN01
 - *Repostos mínimos* MD84MAN02
 - *Parte de avaría (formato libre)*